

Fantasia extrema

A literatura popular de tradición oral ten na obra de Xosé Miranda un referente inapelable. Sendo coautor de contos da colección “Cabalo Buligán” e doutros volumes como *Pequena mitoloxía de Galicia*, *Cando os animais falaban*, *Antoloxía do conto galego de tradición oral*, *Arrepiños e outros medos* ou *A flor de auga* ten o lucense a oportunidade de furgar nas entrañas da esencia popular galega e crear con todo luxo de detalles historias que, acomodadas na ficción dan renda solta á imaxinación, recuperan e actualizan costumes ancestrais e, quizais, explican comportamentos anquilosados dos que non se coñece a súa orixe.

Unha das súas últimas entregas, *O demo da botella*, vén dar continuidade á colección Amancio Amigo da que xa o lector puido disfrutar co volume *O meigo de Salamanca* e na que seguindo os ditados deste Amancio vanse resolvendo situacións adversas e superando atrancos temporais. A súa intervención na historia convértese, deste modo, en fundamental xa que o ambiente que rodea demanda explicacións que só un personaxe coma este pode ofrecer. Aparecen aquí seres di-

Botellas con demo



MARÍA NAVARRO



minutos, capaces de transformarse en auténticos monstros, persoas de dubidable procedencia e condición e abominables esceas que provocan no lector as máis variadas impresións e que converten o texto nun idóneo e futuro proxecto televisivo, dado sobre todo polo ritmo dos movementos, pola ver-

satilidade dos personaxes e pola natureza das secuencias, todas elas prendadas dunha fantasía extrema.

A historia comeza coa visita do filósofo Kalouro e o seu axudante Franco Opaco á casa de Sabela onde, ao parecer, se produciu un roubo que pretende ser obxecto de investigación. A primeira reflexión lévaos a analizar se o ladrón entrou pola ventá ou viceversa e a partir de aquí sucédense sorprendentes acontecementos que apuntan directamente aos sentidos: ao longo dos doce capítulos que conforman o libro asistimos a un estoupido de sensacións, onde se mesturan as cores, os olores, os sabores, as formas e as texturas de tal forma que un chega case a percibilos e que permite o lector viaxar a mundos fantásticos onde é posible que chova peras ou que caian peixes vivos do ceo, porque a maxia é caprichosa e os personaxes déixanse levar.

O manexo da lingua coa introdución dalgunha que outra rima enfeitiza a historia e ameniza a lectura

MIRANDA, Xosé, *O demo da botella*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, páxinas.